

D.^a Virginia Fraga Díaz, SECRETARIA XERAL DO ILMO. CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

CERTIFICA:

Que a Alcaldía, con data de 24 de novembro de 2022, ditou a seguinte **RESOLUCIÓN:**

"RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: ADXUDICACIÓN DE COLUMBARIO NO CEMITERIO MUNICIPAL. D^a MARÍA DE LOS ÁNGELES HERREZUELO LADEVESA

EXPEDIENTE: 2022/G003/001614

Considerando que, mediante Decreto da Alcaldía do 12 de setembro de 2013 (res 714/13), acordouse facer público que, finalizado o procedemento de concesión dos columbarios do cemiterio municipal, incoado mediante Decreto da Alcaldía do 9 de novembro de 2012, quedaron libres os columbarios que se detallan no citado Decreto, cuxa adxudicación efectuarase coas formalidades previstas no prego de condicións aprobado mediante Resolución da Alcaldía de 16 de novembro de 2012 (res 828/12) e no Regulamento do cemiterio municipal, coas particularidades que se detallan no capítulo VI do citado prego, a favor daquelas persoas que así o soliciten, atendéndose ao criterio relativo á orde de entrada no Rexistro xeral do Concello de Teo.

Considerando que, con data 6 de setembro de 2022 (rex. entrada núm 4719) presentouse a solicitude dun nicho no cemiterio municipal por D^a María de los Ángeles Herrezuelo Ladevesa.

Estando incompleta a documentación aportada, con data de 21 de setembro de 2022 (rex. saída nº 2156), se lle remitiu requirimento de subsanación de documentación, requirimento que foi recepcionado pola interesada o 21 de setembro de 2022.

Considerando que o 2 de novembro de 2002 (rex. entrada núm 6034) a interesada presenta a documentación requirida, aclarando que o que realmente quere solicitar é a

adxudicación dun columbario no cemiterio municipal, presentando por erro no seu día o impreso de solicitude correspondente a unha nicho ou panteón.

Considerando que ao atoparse correcta a solicitude presentada, xunto coa documentación que a acompaña, procedeuse a realizar, con data de 3 de novembro de 2022 proposta de adxudicación a favor da interesada, de conformidade co previsto na cláusula 19 do prego de condicións, requiríndolle para que procedera ao aboamento das tarifas correspondentes.

Considerando que a citada proposta foi notificada á interesada con data 3 de novembro de 2022 (rex. saída núm. 2792), publicándose no taboleiro de anuncios do Concello o 14 de novembro de 2022 e na páxina web municipal o 18 de novembro de 2022.

Considerando que, dentro de prazo habilitado ao efecto, procedeuse ao ingreso da tarifa correspondente pola interesada, tal e como se acreditou mediante o xustificante de aboamento presentado no concello con data de 12 de novembro de 2022 (rex. entrada núm. 6413).

Vista a proposta da alcaldía de asignación concreta de columbarios de 23 de novembro de 2022.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire a normativa vixente,

RESOLVO:

Primeiro.- Adxudicar a concesión do uso privativo do columbario C12 do bloque 2 do cemiterio municipal do Concello de Teo a D^a María de los Ángeles Herrezuelo Ladevesa, polo prazo de 75 anos, con arranxo ao prego de condicións aprobado mediante Decreto da Alcaldía do 16 de novembro de 2012, ao Regulamento do cemiterio municipal e demais normativa aplicable.

Segundo.- Requirir á adxudicataria para que, dentro dos dez días hábiles seguintes á notificación do presente, acredite a constitución da garantía definitiva equivalente ao 3% do valor de dominio público obxecto de ocupación, que poderá constituírse en calquera das formas previstas no artigo 108 da LCSP (Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público). A estes efectos faise constar que, segundo a

documentación que obra no expediente e conforme ao prego de condicións, o importe da garantía definitiva, por cada columbario adxudicado, ascende a 6,28 €.

Dita acreditación deberá efectuarse mediante a presentación, no rexistro xeral do concello, do documento acreditativo de constitución da garantía definitiva.

Terceiro.- Notificar o presente á interesada, con sinalamento dos recursos procedentes, advertíndolle que o incumprimento do requisito previsto na parágrafo anterior, por causas que lle sexan imputables, impedirá a formalización da concesión ao seu favor.

Cuarto.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que celebre.”

E para que así conste, expido e asino a presente de orde e co visto e praxe do sr. alcalde, en Teo, xoves 24 de novembro de 2022.

A secretaria Xeral

Visto e praxe

O alcalde

Virginia Fraga Díaz

Rafael C. Sisto Edreira